

Convocatoria de Asemblea Xeral ordinaria 2022

Benquerida/o socia/o,

Comprácame convocarte á Asemblea Xeral ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL).

- Día: **sábado 12 de marzo** de 2022
- Hora da primeira convocatoria: **10.00 h**
- Hora da segunda convocatoria: **10.30 h**
- Lugar: Restaurante Espazo Cultural **A Nave de Vidán** (avda. da Mestra Victoria Míguez, 44, Santiago de Compostela)

Orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Elección de nova Xunta Directiva
6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
7. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
8. Rolda aberta de intervencións

Documentación para a Asemblea

Para que poidas preparar mellor as túas achegas e propostas e así facermos entre todas e todos una asemblea máis áxil, dinámica, participativa e produtiva, **unha semana antes da asemblea terás ao teu dispor no web a documentación necesaria.**

Antes diso, e tamén antes da asemblea, podes **remitirnos** ao enderezo info@ctnl.gal todas as **ideas e propostas** que teñas e que creas que a CTNL pode desenvolver, para así incluírmolas no informe de propostas de acción. Así e todo, lembra que sempre podes facer propostas e suxestións directamente durante a asemblea.



Elección da Xunta Directiva

Na Asemblea deste ano, como cada dous anos, corresponde elixir unha nova Xunta Directiva. Segundo os estatutos da CTNL, a Xunta Directiva estará integrada por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a, un/unha tesoureiro/a e seis vogais (art. 24) e os cargos da Xunta Directiva terán unha duración de dous anos (art. 25).

Deste xeito, **poderanse presentar candidaturas á Xunta Directiva até 72 horas antes da Asemblea (até o mércores 9 de marzo, ás 10.00 h)**, para o que se deberá enviar a candidatura completa por correo electrónico a **info@ctnl.gal**; nela deberán figurar os nomes, apelidos e números de documentos de identidade dos/das socios/as que a compoñen, sempre contando co visto e prace desas persoas.

Atentamente,

Anxos Sobriño Pérez,

presidenta da CTNL

Pontevedra, 22 de febreiro de 2022

Xantar de confraternidade lingüística

O mesmo día da Asemblea da CTNL teremos, no mesmo espazo, un xantar aberto para socios/as e non socios/as, no cal nos gustaría moito contar coa túa participación.

- Lugar: Restaurante **A Nave de Vidán** | <http://www.anavedevidan.com/>
- Hora: **14.30 h**
- Menú: **cocido** (sopa, cacheira, lacón, costela, garavanzos, patacas, grelos, chourizos, pan, viño, auga, cervexa, refrescos, queixo con marmelo, cafés e licores).
- Prezo: **25 euros**
- Confirmación: agradecemosche que **confirmes** a túa asistencia ao xantar o máis axiña posible e, en todo caso, até o **6 de marzo**, no enderezo **info@ctnl.gal** ou no teléfono **629571950**.

Se non comes carne e prefires outro menú, indícanolo cando confirmes a asistencia.